



SARATROF Sistema Analítico do Rendemento Agregado de Traballadores e Robots en Operacións de Fabricación



14.12.2021



10:00 – 11:00 H



STREAMING

Cal é o programa?

- > Presentación de aliados tecnolóxicos
- > Presentación do arranque do proxecto (2021-2023)
- > Presentación das vantaxes que se buscan ao finalizar o desenvolvemento do proxecto:
 - > Integración de diversas ferramentas 4.0 a través dunha metaplataforma interoperable
 - > Obtención de insights e sinerxías combinadas
- > Quenda de preguntas

Quen imparte?

EDNON é una empresa TIC con máis de 17 anos de experiencia na integración de coñecementos e servizos avanzados en sistemas, comunicacións, e ciberseguridade. Especializados na xestión do dato en sistemas Big Data, IoT e analítica avanzada, a súa misión é proponer solución TIC de valor adaptadas ás necesidades dos clientes, con base na especialización do seu personal e o traballo continuo cos seus aliados fabricantes de tecnoloxía.

Ancora é unha EBT ou spin-off da Universidade de Vigo. ANCORA desenvolve e comercializa Ancora Worker Connect, unha interface avanzada para unha dixitalización eficiente do traballador. Simplificamos o intercambio de información e instrucións entre os operarios na planta de produción e os sistemas que xestionan as operacións da factoría. Melloramos a información que os operarios teñen para executar o seu traballo, e a información que os sistemas reciben para xestionar as operacións. E proporcionamos axudas dixitais para que o traballador poida ser máis produtivo e polivalente.

Situm é unha compañía especializada en xeolocalización en interiores que superou con máxima precisión e sen necesidade de grandes inversións en infraestrutura a barreira que supón a ausencia do sinal GPS nestes espazos para o guiado de visitantes e a monitorización de equipos de traballo.

Ledisson é unha empresa especializada na automatización de procesos industriais. Conta cunha plantilla de máis de 30 programadores de robots e de autómatas, así como cun departamento de deseño e implementación de celdas robotizadas chave en man.

BETA Implants é unha empresa dedicada ao deseño, fabricación e suministro de implantes desenrolados especificamente para traumatoloxía, ortopedia e neurociruxía veterinaria. Nun fluxo continuo, a diferenza do convencional, BETA Implants abarca toda a cadea de valor, proporcionando o implante perfecto (implantes a medida ou baixo catálogo) xunto co asesoramente biomecánico e clínico ou o veterinario especialista, para que os animais poidan volver a camiñar e facer vida normal.

Cando e onde?

14 de decembro de 2021

De 10:00 a 11:00 H

- > **Streaming**

Para quen?

Dirixida a desenroladores, analistas, arquitectos TIC, administradores de sistemas, CIO e, en xeral, ao sector TIC relacionado ou non co sector industrial.

Por que?

O proxecto SARATROF (Sistema Analítico do Rendemento Agregado de Traballadores e Robots en Operacións de Fabricación) pretende crear unha ferramenta analítica para caracterizar o rendemento das factorías considerando de forma agregada o comportamento dos robots, as máquinas, os sistemas IT e os propios traballadores, co obxectivo de incrementar a competitividade da produción. A revisión do estado da arte indica que este tipo de agregación é enteiramente novidosa, e o consorcio tentará validar o seu valor real mediante experimentos despregados nun piloto.

[Inscríbete!](#)